

EMPRENDEMENTO PLUS [2023 - 2024]

PROGRAMA I. INVESTIMENTOS | PROGRAMA II. EMPREGO

Apoio á continuidade e consolidación de iniciativas de emprendemento de persoas autónomas e PEMES cunha antigüidade máxima de 42 meses para a realización de investimentos e a contratación de persoas desempregadas.

Prazo de presentación dende o 18 de xullo ao 17 de agosto de 2023

CONCORRENCIA COMPETITIVA

Orzamento 6.000.000 €



Entidades beneficiarias

Persoas traballadoras autónomas, sociedades mercantís, sociedades cooperativas e laborais, empresas de inserción e Centros Especiais de Emprego, así como entidades sen personalidade xurídica como comunidades de bens, sociedades civís, etc., sempre que cumpran a condición de PEME segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) 651/2014, e:

- Se constitúan ou dean de alta, segundo corresponda, e inicien a súa actividade económica con 42 meses de antigüidade como máximo ata a data de presentación da solicitude.
- Teñan domicilio social, fiscal e/ou un centro de traballo en Galicia.

Para optar ao Programa II **Emprendemento PLUS Emprego** é preciso solicitar tamén a axuda do Programa I **Emprendemento PLUS Investimentos**.



Contía dos apoios

Programa	Condicións	Porcentaxe	Valor
Programa I Investimentos	Para investimentos entre 10.000€ e 30.000€	60% do investimento	Investimento mínimo 10.000€
	Para investimentos entre 30.001€ e 50.000€	55% do investimento	
	Para investimentos entre 50.001€ e 100.000€	50% do investimento	
	Para investimentos entre 100.001€ e 200.000€	45% do investimento	
Programa II Emprego	Para contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas		6.000€
	Para contratacións fixas-descontinuas dun mínimo de 9 meses a xornada completa		6.000€



EMPRENDEMENTO PLUS [2023 - 2024]

PROGRAMA I. INVESTIMENTOS | PROGRAMA II. EMPREGO



Conceptos subvencionables

Programa I | **Investimentos**

- **Investimentos en propiedade** vinculados ao proxecto empresarial entre o 1 de xaneiro de 2023 e o remate de prazo establecido na resolución de concesión:
- ✓ Equipamento informático.
 - ✓ Activos intangibles (sen materialización física ou financeira).
 - ✓ Bens de equipamento e mobiliario.
 - ✓ Reforma e habilitación das instalacións do local de negocio.
 - ✓ Activos pertencentes a un establecemento ou bens de equipo de 2ª man sempre que:
 1. Os activos sexan adquiridos a 3ªs persoas non relacionadas coa beneficiaria.
 2. Conste declaración da persoa vendedora sobre a orixe dos mesmos e de que non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria.
 3. Se acredite por taxador/a independente ou por empresa subministradora de bens da mesma tipoloxía que o prezo de compra non é superior ao valor de mercado de referencia.
- **Custos indirectos** do proxecto (3% dos custos directos subvencionables).

Programa II | **Emprego**

- **Contratación indefinida de persoas desempregadas** que figuren inscritas como demandantes de emprego sen ocupación no Servizo Público de Emprego que:
- ✓ Se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2024.
 - ✓ No caso de contratos indefinidos iniciais, sexan a tempo completo.
 - ✓ No caso de contratos fixos-descontinuos, teñan unha duración mínima é de 9 meses e a xornada completa.



Criterios de valoración

→ Dado que a axuda atende á **concorrenza competitiva**, todas as iniciativas emprendedoras presentadas **avaliaranse segundo** os seguintes **criterios de valoración**:

✓ Desenvólvese nun concello rural	5 Puntos
✓ Desenvólvese nun concello emprendedor	5 Puntos
✓ Inclúese dentro dos sectores de actividade prioritarios na Orde	10 Puntos
✓ Contrata por conta allea a persoas desempregadas (mínimo unha)	Ata 20 Puntos
✓ Implanta medidas de igualdade establecidas na Orde	Ata 10 Puntos
✓ Formalízase dentro do sector da economía social galega	10 Puntos
✓ Tense declarado Iniciativa de emprego de base tecnolóxica	10 Puntos
✓ Inclúese dentro dos ámbitos de intervención priorizados na RIS3	10 Puntos



EMPRENDEMENTO PLUS [2023 - 2024]

PROGRAMA I. INVESTIMENTOS | PROGRAMA II. EMPREGO



Documentación complementaria

Xunto coa solicitude (Anexo I) **deberase** achegar a seguinte documentación:

- Poder suficiente da **persoa representante** no caso de actuar mediante representación.
- Censo de obrigados tributarios da **Axencia Estatal de Administración Tributaria (modelo 036 ou 037)**, no que debe figurar a data da alta, o domicilio fiscal e a localización do establecemento da actividade.
- **Comunicación previa do inicio de actividade**, segundo o previsto no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Anexo II de **Declaración Responsable do cumprimento do principio de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente (Principio "DO NO SIGNIFICANT HARM" – DNSH)**".
- Informe da Seguridade Social do **cadro de persoal medio anual do 2022**.
- **Escritura de constitución e inscrición** no Rexistro Mercantil ou de Cooperativas, de ser o caso.
- Para agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica, **compromisos de execución asumidos por cada membro** da agrupación, así como o **importe de subvención a aplicar** por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarias.
- **Contrato ou documento de creación da comunidade de bens, sociedade civil ou entidades sen personalidade xurídica**, segundo corresponda, onde conste a porcentaxe de participación das persoas socias ou comuneiros.

Acceso á ficha da
sede electrónica



VR 1707/2023

Pulsa para acceder



Prazos de xustificación

	Realización de gastos e pagos	Presentación documentación xustificativa
Programa I Investimentos	2023 1ª anualidade	De 1/01/2023 a 31/10/2023
	2024 2ª anualidade	De 1/11/2023 a 31/10/2024
Programa II Emprego	Realización de contratos laborais	Presentación documentación xustificativa
	2024 2ª anualidade	De 1/01/2024 a 31/10/2024

